



Instrución 1/20 Uso axeitado dos espazos públicos e dos taboleiros de anuncios nos centros sanitarios

ORIXE: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade e Xerencia do Servizo Galego de Saúde

ÁMBITO: Centros sanitarios de atención primaria e atención especializada do Sistema Público de Saúde de Galicia

Nos distintos centros sanitarios do Sistema Público de Galicia vense detectando determinadas prácticas en relación coa colocación de anuncios, carteis e publicidade de todo tipo nos espazos públicos que, ou ben non se axustan ás debidas condicións de limpeza e coidado das instalacións, ou ben poden resultar inxuriosos ou ofensivos para determinadas persoas, colectivos ou institucións.

Cómpre ter en conta que se trata de centros públicos que pola súa propia natureza pertencen a todos os cidadáns, polo que a presenza de determinados símbolos, críticas ás diferentes políticas sanitarias ou convocatorias a actos e concentracións de protesta irían en contra do principio de neutralidade das institucións, propio dunha sociedade pluralista. Isto sería incompatible coa presenza en espazos como corredores, ascensores, paredes ou portas de edificios ou centros públicos, de carteis favorecendo a determinadas formacións políticas ou ideolóxicas, o que non se axustaría ao principio de neutralidade que todo poder público debe respectar.

A Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando fala dos “Deberes dos empregados públicos e o seu Código de Conduta” (artigo 52), recolle que “Os empregados públicos deberán actuar con arreglo, entre outros, ao principio de neutralidade”.

O dereito á liberdade ideolóxica e á liberdade de expresión non son ilimitados, polo que non é posible permitir en centros públicos a exposición de carteis, notas ou comunicados cuxo texto ou imaxe atente ou vulnere outros dereitos e, en xeral, aqueles que puideran resultar inxuriosos ou ofensivos para persoas, colectivos ou institucións.

Cómpre, polo tanto, regular a colocación de carteis, notas ou comunicados nos centros sanitarios



do Servizo Galego de Saúde coa finalidade de permitir unha difusión axeitada da información, poñendo fin á súa colocación indiscriminada, e velando polo coidado das instalacións, que deben ser respectadas polo conxunto de empregados e usuarios.

INSTRUCCIÓNS

Primeira.- En todos os centros públicos do Servizo Galego de Saúde existirán un ou varios taboleiros oficiais de anuncios ou, no seu defecto, espazos habilitados para estes usos nos que se publicará a información, polo que, salvo autorización expresa da dirección do centro, non se permitirá a colocación de carteis, notas, imaxes ou comunicados nas paredes, ascensores, portas ou demais espazos públicos.

A estes efectos, considéranse espazos públicos os despachos nos que os traballadores, sexan sanitarios ou non, desenvolvan o seu traballo, independentemente de que podan acceder aos mesmos pacientes ou persoas alleas ao centro.

Segunda.- Nos taboleiros de anuncios ou espazos habilitados poderán colocarse carteis, actos, imaxes e comunicacións que se consideren necesarios pola súa transcendencia ou requisitos legais.

A súa xestión corresponderá á dirección do centro, que designará a unha persoa encargada de decidir a colocación, ordenación, actualización e retirada do que se anuncie.

A retirada efectiva daqueles carteis que ben polo seu contido, ou ben por estar colocados en lugares non permitidos deban retirarse, corresponderá, seguindo instrucións da persoa encargada pola dirección, aos servizos de limpeza do centro.

Non se permitirá, en ningún caso, a exposición de carteis, notas, comunicados ou imaxes con contidos racistas, xenófobos ou que promovan a discriminación cultural ou relixiosa; sexuais, ilegais ou ilícitos; aqueles que conteñan mensaxes violentas, degradantes ou vexatorias e os que sexan difamatorios, falsos ou obscenos e atenten contra as persoas, profesionais, institucións públicas ou privadas ou calquera outro ente público ou privado.

Os criterios da dirección do centro para permitir a colocación de carteis basearanse no seu propósito informativo ou social. A información debe ser sempre de interese público. Os carteis publicitarios ou promocionais deberán estar relacionados co ámbito sanitario, contendo precaucións, indicacións, cursos formativos, campañas de vacinación, hábitos de hixiene, de seguridade ou similares.



Poderá así mesmo autorizarse a colocación de publicidade relativa a eventos de carácter benéfico ou de interese social, de asociacións de pacientes, entidades sen ánimo de lucro relacionadas con aspectos sanitarios ou de interese xeral, como a difusión da busca de persoas desaparecidas.

Terceira.- As seccións sindicais dos sindicatos máis representativos e os que teñan representación no Comité de Empresa e Xuntas de Persoal terán á súa disposición un taboleiro para difundir avisos que poidan interesar aos traballadores. A súa xestión e responsabilidade recaerá sobre os propios sindicatos anunciantes.

Cuarta.- Poderá esixirse responsabilidade ao autor ou autores, así como aquelas persoas que coloquen carteis cuxos textos ou imaxes vulneren dereitos ou liberdades, promovan condutas discriminatorias, fomenten a violencia, ou de calquera xeito atenten contra as persoas, profesionais, institucións públicas ou outros entes públicos ou privados.

Calquera usuario ou traballador que considere que algún cartel está colocado nun lugar inapropiado ou que polo seu contido non debería ser exposto, poderá dar traslado á dirección do centro que, tras valorar a súa ubicación e contido, poderá ordenar a súa retirada inmediata.



O secretario xeral técnico

Alberca Fuentes Losada

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Instrucción 1/20